

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2026, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XERANDO CULTURA DE ACOLLEMENTO.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, (...), conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, (...), con NIF (...), presidenta da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" (NIF (...), con domicilio social na rúa (...) de Santiago de Compostela, actuando en calidade de representante da entidade en virtude do acordo do seu nomeamento e da modificación da composición da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral da asociación o 27/12/2024 de acordo co establecido no art. 29 dos estatutos da entidade.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, capítulo VI do Título preliminar e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección

prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro. En virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Igualdade ten asumida segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil; na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia, na Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.

Quinto. O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun neno ou dunha nena ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

É un recurso de protección que implica a separación do/a menor dos seus proxenitores/titores e a asunción dos seus coidados por unha persoa ou familia distinta, con vínculos de parentesco como familia extensa ou sen eles como familia allea.

Todos os/as menores en acollemento familiar estarán baixo unha medida de protección de tutela ou garda, adoptada polo departamento territorial da Consellería de Política Social e Igualdade ou polo/a xuíz/a, conforme o establecido no Código Civil e na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

As situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar son:

- Menores declarados en desamparo. A Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social e Igualdade asume a tutela e delega a garda do neno ou nena ou adolescente na familia acollidora.
- Menores en garda administrativa ou xudicial, a solicitude dos seus pais ou titores cando por circunstancias graves non podan coidalos (e así o estime a Entidade Pública) ou porque así o determine o/a xuíz/a. A Administración asume a garda do/a menor e a delega na

familia acolledora.

A través da medida de acollemento familiar, exércese a garda da persoa menor pola persoa ou núcleo familiar acolledor, tendo a obriga de velar por ela, tela na súa compañía, alimentala, educala e procurarlle unha formación integral.

A Declaración dos Dereitos do Neno aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 recoñece no seu preámbulo que o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe crecer no seo dunha familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión.

A modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia levada a cabo polo lexislador estatal no ano 2015, pon especial énfase na regulación do acollemento familiar co fundamento de que a persoa menor necesita un ambiente familiar para un adecuado desenvolvemento da súa personalidade, e establece a prioridade sobre o acollemento residencial para calquera menor e especialmente para as persoas menores de 6 anos. Así mesmo se determina que non se pode acordar o acollemento residencial para menores de 3 anos, agás supostos de imposibilidade de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando este non conveña ao seu interese.

Todo o anterior determina a necesidade de contar con familias dispostas a asumir o reto que supón o acollemento familiar e a obriga das Entidades Públicas de fomentar a difusión, promoción e formación en relación con este recurso de protección.

Sexto. A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 202/023977-1º, así mesmo está recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E7138.

A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", vén desenvolvendo labores de formación e difusión no eido do acollemento familiar a través do "Programa Xerando Cultura de Acollemento", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita entidade está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a vivir en familia, achegando ás familias acolledoras e ás persoas profesionais do ámbito social, a realidade do acollemento de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en torno ao acollemento familiar.

A execución do antedito programa, cuxas actuacións se describen na cláusula primeira, terceira e no anexo II deste convenio, poderán levarse a cabo pola subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" a través do cal se financia, mediante a concesión directa dunha subvención, o programa "Xerando Cultura de Acollemento" co cal se pretende achegar á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

Por outra banda, a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" achega o valor engadido

de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos achegados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

Os fins de interese xeral da Asociación, segundo os seus estatutos, son:

- a) Protexer á infancia en Galicia.
- b) Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco).
- c) Fomentar o acollemento familiar en Galicia, e favorecer a desinstitucionalización das persoas menores de idade do sistema de protección, e das persoas menores de idade non acompañadas.
- d) Axudar ás familias acolledoras, nenos/as e xóvenes acollidos/as, no seu proceso de acollemento.
- e) Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
- f) Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
- g) Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou mozos/as acollidos/as, tanto en familias como en centros residenciais.
- h) Promover a formación específica para profesionais dos servizos sociais das Administracións Autonómica, Provinciais, locais, así como outros axentes involucrados na intervención con menores, familias biolóxicas, acolledoras, etc.
- i) Promover o autoemprego, procura de emprego activa e específica para mozos/as que estiveron, ou están no sistema de protección e/ou familias biolóxicas.
- j) Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.
- k) Articular e propor redes e infraestruturas externas adicadas a facilitar o desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.
- l) Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- m) Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores, e mozos e mozas que están ou estiveron no sistema de protección en Galicia, ou si é o caso, en España.
- n) Participar e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios, en materia de acollemento, nas catro provincias galegas.
- o) Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, autonómicas, provinciais ou locais.
- p) Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.

- q) Acadar o interese superior das persoas menores de idade, sempre.
- r) Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.

Do mesmo xeito, de acordo cos seus estatutos, a Asociación Galega de Familias de Acolida 'ACOUGO', para a consecución dos seus fins, e a mero título enunciativo e non restritivo, pode realizar as seguintes actividades:

- a) Colaborar coas Administracións Públicas, e coas institucións que se adican á protección de menores, achegando experiencias, tempo, dedicación e profesionais, tendo en conta sempre o interese superior da persoa menor de idade.
- b) Crear Puntos de atención, información, asesoramento e acompañamento para as familias acolledoras.
- c) Crear unha rede de colaboradores, persoas voluntarias e socias, contando tamén co persoal contratado que se estime necesario para a consecución dos fins, anteriormente descritos.
- d) Promover actividades culturais como Cinema Forum, Teatro Social, expresión corporal, ciclos de música, debates... Facendo posible a sensibilización por parte da sociedade nos temas de interese e facilitando a participación cidadá.
- e) Convocar con frecuencia grupos de traballo ou terapéuticos, charlas formativas e informativas, seminarios, etc., tanto para usuarios, persoal, membros da Asociación, como para calquera persoa interesada nas temáticas que se propoñan.
- f) Calquera actividade que de forma lícita permita conseguir fondos para a intervención directa coas persoas usuarias, o mantemento e funcionamento da asociación.
- g) Mediar con Institucións de ámbito Público ou Privado, en situacións de denuncia Social, ou para a consecución de obxectivos comúns en beneficio das persoas menores de idade, as súas familias biolóxicas e as familias acolledoras.
- h) Elaborar proxectos destinados a dar alternativas reais como métodos de conciliación, efectiva, comunicacións interxeneracionais, espazos comúns ou actividades simultáneas.
- i) Establecer convenios con Entidades Sociais, Administracións públicas ou privadas, con empresas, ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.
- j) Establecer convenios con universidades ou entidades dedicadas á investigación no ámbito científico social, tanto para investigar como para pór en práctica os resultados das devanditas investigacións.
- k) Calquera outra actividade que se propoña para acadar o interese superior das persoas menores de idade.

Sétimo. Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e está interesada en financiar coa concesión directa dunha subvención pública, a execución do Programa "Xerando Cultura de

Acollemento" da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", co que se pretende fomentar o coñecemento da figura do acollemento familiar e así garantir o dereito do/a menor a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer o programa que se describe, a través do cal a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" achega un punto de vista único para desenvolver as actividades do dito programa, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

Considérase polo tanto idónea á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias en proceso de acollemento e familias acolledoras, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Esta entidade ten acreditado, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" no ano 2026 da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO".

Oitavo. A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos propios.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" do que é titular a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", mediante o cal se pretende facilitar o adecuado desenvolvemento da persoa menor acollida a través da orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias acolledoras e/ou as persoas menores.

SEGUNDA. Destinatarios do programa a subvencionar

Son destinatarias do programa as familias acolledoras e biolóxicas de nenos, nenas ou adolescentes en situación de desamparo ou risco social. Tamén serán destinatarias as persoas profesionais, nomeadamente as persoas profesionais no marco dos servizo sociais comunitarios, e estudantes que participen nas actividades de formación e información organizadas no marco deste programa, así como as corporacións municipais no que respecta ás actividades de difusión, a través da súa participación e colaboración nos eventos de difusión e promoción do acollemento familiar.

TERCEIRA. Obxectivos e contido do programa a subvencionar

1. O obxectivo do programa da asociación é achegar á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia, achegar a realidade de nenas, nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven máis ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.
- b) Capacitar as persoas participantes en toda a Comunidade Autónoma, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais.
- c) Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas das actividades obxecto do programa xere interese en materia de protección de menores e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.
- d) Crear actitudes favorables cara a valoración, formación, capacitación e idoneidade, que imparten outras entidades relacionadas co acollemento familiar.
- e) Axudar ás familias acolledoras de toda Galicia a previr e tratar as dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais, tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fóra do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.

2. Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades que configuran o programa:

- a) Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de acollemento e ás familias acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento desde unha perspectiva horizontal entre iguais, coa experiencia en primeira persoa como familias acolledoras.

b) Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia no acollemento e profesionais especializados para dotar as familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar na múltiple visión de familia acolledora-familia biolóxica ou, no seu caso, familia adoptiva.

3. As actuacións do programa a desenvolver distribuiranse en 3 proxectos:

- Acougo, Espallando semente: no que se encadran todas as actuacións de difusión da medida de acollemento familiar.
- Acougo, Orballo: con formación circular en calquera das etapas nas que se encontre a persoa ou familia destinataria, ben sexa a biolóxica ou a de acollemento.
- Acougo, Colleita: medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras.
- Accións complementarias dos tres proxectos mencionados anteriormente.

A descrición detallada correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctese no anexo II Programa Xerando Cultura do Acollemento.

CUARTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO"

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións

anteriores, todo o anterior de conformidade co establecido nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas neste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- j) Facilitar á Administración toda a información e documentación, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.
- k) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.

2. A realización das actuacións a subvencionar que forman parte do programa da entidade axustaranse, ademais da normativa aplicable en materia de subvencións e a normativa reguladora da fonte de financiamento, ao seguinte:

- a) Realizar todas as actividades de difusión, formación e acompañamento descritas na cláusula terceira, dende a posición especializada que lle dá á Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" a súa perspectiva de asociación de familias acolledoras.
- b) Adaptar o desenvolvemento das actividades a cada situación que se presente cos medios técnicos e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento presencial e non presencial do

programa.

- c) Levar a cabo a avaliación de resultados trala finalización do programa.
- d) Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- e) Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.
- f) Non percibir remuneración ningunha por parte das persoas usuarias do programa.

QUINTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" disporá de persoal especializado nesta área de actuación.

O persoal que a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. Os gastos totais derivados da execución do presente programa contan cunha contía global de 119.718,72 €. A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía de cento quince mil cento sesenta e oito euros con setenta e dous céntimos (115.168,72 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0, código de proxecto 2016 00174, na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" comprométese a achegar a cantidade de catro mil cincocentos cincuenta euros (4.550,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no dito anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

- a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 92.134,98 € (80% da cantidade subvencionada), do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 24.116,87 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 97.168,72€ restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" co obxecto de que se poidan cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificarase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 68.018,10 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar a través deste convenio.

- b) A cantidade de 23.033,74 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, incluído o IVE cando non sexa recuperable, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto, a Asociación Galega de Familias de Acollida 'ACOUGO' debe presentar en cada xustificación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- 1º. Xustificación do gasto.
- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

- b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- 1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acreedor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago.
- 2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago.
- 3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º, agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar cada unha das entidades beneficiarias cando o importe do gasto de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou gastos anteriores á sinatura do convenio que se teñan realizados dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Documentos 'Relación Nominal de Traballadores' e o documento de 'Relación de liquidación de cotizacións' correspondentes aos meses imputados.
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopa diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.

- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social a Consellería de Política Social e Igualdade poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa *Agencia Estatal de la Administración Tributaria*.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Inscripción no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" a presentación dos documentos correspondentes.

5. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 17 de decembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección Xeral con competencia en materia de familia, infancia e dinamización demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 17 de decembro de 2026.

A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2026, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de 2026, con data límite de presentación do 15 de febreiro de 2027.

A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

OITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.
4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.
5. Como destinatarias os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación,

portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.
2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. MODIFICACIÓNS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión ou dar lugar ao reintegro total ou parcial da subvención concedida, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, , no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

3. As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade

A presidenta da Asociación Galega de
Familias Numerosas

(...)

(...)



ANEXO I

Cadro económico

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2026 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO"			
Concepto	Total	Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO	Xunta de Galicia
Gastos de persoal de coordinación do programa	15.099,72 €	0 €	15.099,72 €
Dietas/desprazamentos	7.341,00 €	2.000,00 €	5.341,00 €
Campaña de acollemento familiar: Actividades, xornadas, conferencias, obradoiros...(alugueiro de espazos, formadores, materiais, e todos os gastos derivados das mesmas)	6.625,00 €	2.550,00 €	4.075,00 €
Gastos de persoal de administración, personal técnico informático, difusión, formación e apoio ás familias e NNA, derivados do programa.	63.163,00 €	0 €	63.163,00 €
Comunicacións, audiovisuais e gastos informáticos. Gastos de deseño gráfico do programa e difusión en redes do mesmo, dominio web... derivados do programa)	15.600,00 €	0 €	15.600,00 €
Gastos de administración e xestión (xestoría e gastos de contabilidade externa, seguros de responsabilidade civil, seguros de voluntariado, derivados do programa)	6.990,00 €	0 €	6.990,00 €
Outros gastos (local, subministro limpeza do local, seguridade do local, derivados do programa)	4.900,00 €	0 €	4.900,00 €
Total	119.718,72 €	4.550,00 €	115.168,72 €

ANEXO II. PROGRAMA

Descrición das actuacións a desenvolver.

DESCRICIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS E ÁMBITO TERRITORIAL

É de especial relevancia marcar a necesidade da posta en marcha deste programa con estes proxectos en toda a Comunidade Autónoma, facendo especial mención e incidir máis nas zonas de Galicia onde se necesita traballar máis para que resulten beneficiadas máis nenos, nenas e adolescentes institucionalizados, por non existir familias acolledoras ou ser insuficientes.

Para poder abarcar todo o territorio galego e tendo en conta a temporalidade dispoñible o primeiro paso vai ser dividir Galicia por comarcas, e estas serán as unidades de intervención por parte da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO".

Cos datos estatísticos proporcionados pola Administración Autonómica, vanse extraer aquelas comarcas polas que se debe comezar e continuar, en función das necesidades actuais, elixindo as comarcas por provincia por orde de prioridade.

DESCRICIÓN ESPECÍFICA DAS ACTUACIÓNS QUE COMPRENDE O PROGRAMA

1. Descrición da Actuación 1. DIFUSIÓN: "ACOUGO, ESPALLANDO SEMENTE"

Esta actuación ten como obxectivo principal difundir o recurso do acollemento familiar en toda Galicia, promovendo unha maior conciencia social e implicación da cidadanía. As pautas xerais desta actuación son as seguintes:

- Diseñar e elaborar materiais de difusión, utilizando tanto soportes tradicionais (cartelería, folletos) como medios tecnolóxicos actuais (audiovisuais, redes sociais), para garantir unha maior eficacia e alcance.
- Establecer sinerxias e colaboracións co tecido asociativo, organizacións e plataformas comunitarias e estatais vinculadas ao acollemento familiar (POI Galicia, ASEAF), co fin de acceder a información relevante e manter informadas ás persoas interesadas neste recurso.
- Continuar e ampliar os contactos con todos os concellos da Comunidade Autónoma. Nos novos concellos, realizarase un primeiro achegamento para presentar a Asociación, buscar a súa implicación e analizar as particularidades da súa poboación, adaptando a difusión ás súas necesidades específicas mediante a sinatura de convenios de colaboración. Ata o ano 2026, ACOUGO leva visitados 92 concellos galegos e asinou convenio con 26 deles. A previsión para 2026 é incorporar 8 novos concellos, asinar 5 novos convenios e manter actuacións específicas de difusión para público en xeral, con 6 charlas informativas (alcance estimado de 60 persoas) e 8 actividades de difusión a través de puntos informativos "recuncho solidario" en eventos e feiras (alcance estimado de 160 persoas).
- Difundir o recurso do acollemento familiar a través de diversos medios de comunicación (radio, televisión, prensa escrita e dixital), materiais escritos e audiovisuais, e participar en

calquera espazo onde se solicite a presenza. As actividades nos concellos terán publicidade específica con datas e horarios detallados. Prevese unha presenza en medios de comunicación de, polo menos, dúas incursións por trimestre, e unha difusión a través de redes sociais que alcance un mínimo de 4.500 persoas en cómputo anual.

- Realizar actividades dirixidas á comunidade educativa, mellorando a súa capacitación para comprender e abordar situacións de acollemento dende as aulas. En 2026 desenvolveranse 15 charlas "acollendo o acollemento" en centros educativos, cun alcance estimado de 1.000 nenos, nenas e adolescentes. Ademais, ofreceranse 6 charlas-café específicas para familias acolledoras e persoas interesadas, en torno ás súas inquedanzas e necesidades de información (alcance estimado de 30 persoas).
- Continuar coa participación e colaboración con outras entidades, organizacións e foros profesionais (congresos, xornadas) para compartir coñecemento en torno ao acollemento familiar, así como manter unha incidencia política e social activa, representando ás familias acolledoras galegas, transmitindo as súas necesidades e propostas e colaborando na mellora de estratexias, leis e protocolos que afectan ás familias acolledoras e aos NNA do sistema de protección.
- Garantir a continuidade da difusión e establecer a posibilidade de pasar a unha segunda fase de formación tras avaliar os resultados. En moitos concellos, ambas fases poderán desenvolverse en paralelo, xa que a difusión é un proceso continuo.
- Realizar actividades dirixidas á comunidade educativa (educación primaria, secundaria, bacharelato, profesorado e familias), mellorando a súa capacitación para comprender e abordar situacións de acollemento dende as aulas.
- Promover o recurso do acollemento familiar mediante plataformas web e redes sociais, facilitando o achegamento da cidadanía e a súa canalización cara aos programas de protección.

2. Descrición da Actuación 2. FORMACIÓN: "ACOUGO, ORBALLO"

Esta actuación busca ofrecer unha formación continua e gradual sobre o acollemento familiar, dirixida a diferentes públicos: axentes dos servizos sociais locais e comarcais, profesionais do ámbito educativo e sanitario, familias acolledoras e persoas interesadas en xeral. Estrutúrase nas seguintes modalidades:

- **Formación tras a difusión:** Sesións básicas deseñadas a medida, baseadas nas dúbidas e intereses das persoas que participaron nas accións de difusión e desexan profundar no coñecemento do acollemento familiar.
- **Formación para familias acolledoras:** Organización de grupos comarcais en torno a temáticas de interese, creando espazos interactivos para compartir experiencias, mitigar dificultades e fomentar a participación en formacións de nivel avanzado mediante testemuños reais.
- **Formación para persoal técnico:** Sesións dirixidas a profesionais de administracións públicas (locais, provinciais e autonómicas) e entidades privadas, combinando

formación especializada con accións de difusión.

Para o ano 2026 programouse:

- 8 formacións en centros educativos (FP e Universidades), cun alcance estimado de 200 persoas.
- 1 formación xeral en liña sobre acollemento e 1 formación en liña específica sobre apego, cun alcance estimado de 20 persoas.
- 2 formacións para voluntariado, cun alcance estimado de 50 persoas.
- Ademais, ofertaranse como mínimo 2 formacións a concellos, comarcas, mancomunidades ou outras organizacións, tentando efectualas en provincias distintas ou en formato en liña.

PROXECTO FORMATIVO

Formación complementaria sobre acollemento familiar ACOUGO, "ACÓLLEME".

TOTAL DE MÓDULOS: 3

Obxectivos xerais:

- Identificar as situacións das familias de orixe que motivan a retirada de menores e fomentar a empatía, a reflexión e a conexión emocional.
- Coñecer o sistema de protección á infancia en España e Galicia, sensibilizando á cidadanía sobre as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes (en adiante, NNA), as familias biolóxicas e as familias acolledoras.

Obxectivos específicos:

- Explicar a estrutura básica do sistema de protección á infancia en España e Galicia.
- Detallar os supostos que poden levar á retirada ou garda voluntaria de menores.
- Comprender a importancia dos procesos de vinculación entre os NNA e as súas familias de orixe.
- Presentar os recursos de protección (tutela, garda, acollemento residencial e familiar, en modalidade allea ou extensa) e os tipos de acollemento.
- Diferenciar entre acollemento e adopción, destacando obrigas e dereitos.
- Sensibilizar á sociedade sobre a protección á infancia.
- Incrementar o interese en participar nos programas de acollemento familiar.

Módulo I (Nivel inicial): Primeiro achegamento ao sistema de protección

- Unidade 1: Presentación e traballo conxunto polo ben dos NNA.

- Unidade 2: Conceptos básicos, administracións implicadas, diferenzas entre adopción e acollemento.
- Unidade 3: Acollemento residencial e familiar (allea ou extensa), tipos de acollemento. Inclúe casos prácticos e dinámicas para valorar o paso ao seguinte módulo.

Módulo II (Nivel intermedio): Profundando no sistema

- Unidade 1: Resolución de dúbidas do módulo anterior e resumo.
- Unidade 2: Necesidades da infancia, adolescencia e do sistema de protección.
- Unidade 3: Necesidades das familias acolledoras.

Módulo III (Nivel avanzado): Especializándonos

- Unidade 1: Análise da normativa internacional, nacional e autonómica.
- Unidade 2: Novos modelos de intervención.
- Unidade 3: Problemáticas e dificultades dos axentes do sistema.

O persoal docente, ademais de impartir as sesións, elaborará material didáctico, informará sobre programas de protección, elaborará informes e participará en congresos para compartir experiencias e innovar.

3. Descrición da Actuación 3. RECURSOS DE ACOMPAÑAMENTO E MEDIACIÓN COAS FAMILIAS: "ACOUGO, COLLEITA"

Esta actuación ofrece apoio integral ás familias acolledoras e de orixe ante as dificultades derivadas do acollemento, que poden xerar inseguridades non previstas na formación inicial. Exemplos inclúen xestións burocráticas (matrícula escolar, tarxeta sanitaria, empadramento) ou reaccións familiares (ciumes entre membros). ACOUGO combina a experiencia profesional cun enfoque entre iguais, onde familias acolledoras acompañan a outras familias, aportando un valor único.

Os servizos inclúen:

- Asesoramento, información e mediación en xestións.
- Apoio e acompañamento ao acollemento mediante encontros familiares e actividades de ocio que doten de ferramentas prácticas.
- Apoio psicosocial baixo demanda.

Previsións para 2026:

- 30 familias con información específica sobre acollemento familiar.
- 70 familias acompañadas no proceso de acollemento, cunhas 90 actuacións de apoio continuado psico-social e axuda en xestións, e 400 contactos periódicos puntuais.
- 50 nenos e nenas participantes en 20 saídas de ocio positivo entre iguais.
- 1 grupo de participación dinamizado, con 8 persoas que se reunirán, polo menos, 4 veces ao ano, promovendo a axencia e o protagonismo dos rapaces e rapaces na construción da sociedade.

Ademais, a través do voluntariado formado e dirixido por persoal técnico, ofrécense:

- **Ocio positivo entre iguais:** Xornadas, fins de semana e campamentos lúdicos para NNA do sistema de protección, promovendo o desenvolvemento emocional e habilidades sociais.
- - **Apoio escolar:** Sesións individuais e grupais con enfoque socioemocional para abordar o fracaso escolar, considerando as dificultades derivadas das súas traxectorias de vida.

RECURSOS EMPREGADOS

Recursos humanos

A entidade conta cun equipo interdisciplinar que inclúe dirección (traballo social), coordinación, persoal técnico do eido psicosocial (psicoloxía, educación social, pedagogía), persoal socioeducativo (educación infantil, integración social, animación sociocultural), persoal de xestión e administración, informático e profesionais de comunicación. Este equipo garante o desenvolvemento, seguimento e avaliación de todas as actuacións.

Recursos materiais e dixitais

- Material funxible de oficina, informático e de difusión.
- Ferramentas tecnolóxicas: mantemento de plataforma web, redes sociais, base de datos interna, plataforma Moodle para formación en liña, aplicacións de atención telemática (Zoom, Teams).
- Materiais educativos e lúdicos para as actividades socioeducativas.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

ACOUGO incorpora a perspectiva de xénero de maneira transversal en todas as actuacións, co obxectivo de:

- Desterrar estereotipos que asocian os coidados exclusivamente ás mulleres.
- Promover a corresponsabilidade e a coparentalidade no seo das familias acolledoras.

- Valorar os coidados como unha tarefa compartida e socialmente necesaria.
- Utilizar a formación e a difusión como ferramentas para a deconstrución de roles tradicionais e o avance cara a unha sociedade máis igualitaria.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Establécense tres niveis de avaliación:

- Seguimento continuado mediante reunións semanais do equipo do programa e quincenais coa coordinación e dirección.
- Avaliación da formación con tres momentos: avaliación inicial (coñecementos previos), avaliación continua (evolución) e avaliación final (grao de consecución dos obxectivos).
- Valoración das persoas usuarias a través de métodos de recollida de información (enquisas, entrevistas) para medir a calidade dos servizos prestados.

Indicadores principais:

- Número de actuacións e persoas participantes.
- Nivel de satisfacción.
- Nivel de consecución dos obxectivos.